

Recomendación dirixida a la Consellería de Política Social debido ao atraso na atención a unha persoa con dependencia

Expediente: G.6.Q/93/18

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] debido ao atraso na atención a unha persoa con dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que a súa nai, [REDACTED], sofre Alzheimer desde hai varios anos. A medida que pasa o tempo cada vez atópase peor. Dado que non pode ocuparse dela como lle gustaría comeza cos trámites de solicitude de centro de día, coa cronoloxía que segue a continuación: -24/11/2015 solicita Centro de día. -23/08/2016: Resolución do grao que solicitara previamente, dándolle o grao II. -26/08/2016: Resolución PIA. -28/09/2016: Modifica PIA (pasa de Centro de Día a Residencia). -13/02/2017: Resolución PIA. Entra en lista de espera para residencia. - 13/09/2017: Solicita revisión de grao. Desde ese momento non saben nada mais. A súa situación é bastante delicada e solicita axuda.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social. En primeiro termo foi asignado un grao II despois de diferentes requirimentos de documentación, o 23/8/16 aprobouse un PIA con centro de atención diúrna, e o 9/9/16 tivo praza no Centro de Alzheimer de Ourense e mais servizo de transporte adaptado e asistido. Renunciou aos servizos e solicitou cambio de PIA para atención residencial. Despois da reactivación do expediente deuse un novo PIA o 7/2/17; o 8/2/17 entrou na lista de espera para residencia. O acceso ao servizo debería de producirse de acordo coas circunstancias da lista de espera, entre as que inflúe o grao de dependencia. Solicitou a revisión do grao e a valoración se faría o 23/2/18. Coa nova valoración podería variar a súa situación na lista de espera.

Indicamos ao interesado que coa nova valoración pode variar a situación na lista de espera. E se comprobara que o acceso á praza concedida se retrasa, entón podería acudir novamente a esta institución.

3. Mais adiante sinalou que a situación seguía igual. Non existía ningún movemento e seguía esperando pola praza.

4. De novo dirixímonos á Consellería de Política Social co fin de requirir que con urxencia facilitara información complementaria. A consellería nola remitiu e sinalou o seguinte:

“... Data entrada solicitude de recoñecemento de grao de dependencia: 29/12/2015. Expectativa solicitada: Centro de día. -O 19/04/2016 efectúase requirimento de documentación obrigatoria ó abeiro do artigo 21 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes; achegada o 15/07/2016 e completado expediente para efectuar valoración. - Aplicación da valoración dependencia: 09/08/2016 - Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución: 16/08/2016. Resolución nivel e grao 17/08/2016: grao II Resolución PIA: -Mediante resolución de data 23/08/2016 concédeselle centro de atención diúrna terapéutica adxudicándolle en data 09/09/2016 CENTRO DE DIA DE ALZHEIMER DE OURENSE xunto con Servizo de transporte adaptado e asistido, renunciando a dita servizo e solicitando cambio de PIA para centro de atención residencial. -Mediante resolución de data 14/10/2016 arquívase o expediente por renuncia.

EXPEDIENTE... -24/10/2016: Reactivación GN (GRAO II). -Requirimentos: Req. nº 1: Documentación completa, Data Envío: 09/12/2016, Data Acuse: 20/12/2016. Req. nº 2: Documentación completa, Data Envío: 13/01/2017, Data Acuse: 28/01/2017. - Aplicación da revisión da valoración dependencia: 23/02/2018. - Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución: 28/03/2018. Resolución nivel e grao 04/04/2018: grao III (Puntuación BVD/ATP: 91,00). Revisión Resolución PIA: Resolución PIA de data 26/04/2018 e o 25/04/2018 Incluído no Programa de Asignación de Recursos de Centro Atención residencial (PAR).

Na citada resolución se lle indicaba que a persoa solicitante incorpórase a un programa de asignación de recursos para o servizo de Centro de atención residencial. O acceso ao servizo debería de producirse nun prazo non superior a tres meses dende a data desta resolución e seguirase polo seguinte orde de preferencia entre os demandantes deste servizo: 1. O maior grao e nivel de dependencia. 2. A igual grao e nivel de dependencia, terase en conta a non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia. 3. No suposto de igualdade en relación co criterio anterior, terá en conta a menor capacidade económica. 4. No caso de igualdade en relación cos criterios anteriores, valorará a posible inexistencia de rede social de apoio. 5. Se persistise a igualdade,

valorarase a idade do beneficiario. 6. Por último terá en conta a data de presentación da solicitude de valoración da dependencia.

Transcorrido o prazo de tres meses e o non producirse o acceso ao servizo público, a beneficiaria pode solicitar unha modificación do seu PIA para os efectos de obter unha libranza vinculada a un servizo.

-Estado actual no PAR: na listaxe PAR de Centros xerada automaticamente o 23/05/2018, a día de hoxe, está no nº de orde (expedientes Ourense) 16.

En canto á previsión de facer efectivo o PIA indicar que non é posible determinar tal previsión dado que as listaxes se xeneran semanalmente con baixas e incorporacións novas.

Entendemos, así mesmo, que a tramitación que se segue co expediente é a legalmente establecida”.

ANÁLISE

1. Confírmase o importante retraso na atención da persoa con dependencia. O PIA aprobado con ocasión do cambio de necesidades é do 7/2/17 (entrou na lista de espera para residencia ao día seguinte). O posterior PIA que sinala o último informe debe entenderse que aprobado para axustalo ao novo grao de dependencia, posto que xa antes estaba na mesma lista, pero cun grao menor de dependencia.

2. Como sinalamos, o acceso ao servizo debería de producirse de acordo coas circunstancias da lista de espera e o grao de dependencia. Dende o 4/4/18 conta co recoñecemento do grao III, isto é, gran dependente, cunha puntuación de 91, moi elevada. Os grandes dependentes teñen prioridade, segundo o sinalado na lei de dependencia, preferencia que tamén sinala o informe, que indica outros criterios de carácter subsidiario.

A pesares diso a consellería sinala que a afectada ocupa o número 16 na lista de espera de Ourense, do que debe deducirse que existen outras 15 persoas en espera e que teñen un nivel de dependencia superior aos 91 puntos. Iso significa que as prazas na lista son manifestamente insuficientes, posto que non pode atenderse ao grandes dependentes.

3. A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, cambia de forma significativa a atención á dependencia. Recoñece dereitos subxectivos que benefician a un bo número de persoas e ás súas familias, que antes vían como as necesidades dos dependentes tiñan que ser abordadas

no ámbito doméstico e con recursos unicamente privados, o que supoñía unha evidente falta de equidade. Agora as persoas dependentes teñen dereito a acceder, en condicións de igualdade, ás prestacións e servizos que contempla a lei (art. 4.1); todos os cidadáns dependentes poderán acceder aos servizos e prestacións descritos na norma (art. 3.1.b); e a resolución de recoñecemento da súa dependencia determinará os servizos ou prestacións que corresponden ao solicitante segundo o seu grao de dependencia (art. 28.3).

4. As demoras na atención prexudican gravemente aos cidadáns que polas súas circunstancias precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

5. A consellería sinala que atende a orde establecida. Porén, iso debe entenderse dentro do prazo para facer efectiva a prestación ou o servizo; se entendérase doutro xeito estaríamos admitindo o incumprimento do prazo legal e a conculcación do dereito subxectivo legalmente recoñecido.

6. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se dea efectividade ao servizo de praza residencial aprobado no programa de atención, pero en lista de espera dende hai mais dun ano.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da

aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais facémoslle saber que en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente,

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo